

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE MARZO DE 2024

Ás 11:00 horas do día 1 de marzo de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 27 de febreiro de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
- D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de Área de Investimentos
- D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 5a e 6a)
- D^a. Ruth María Gallego Santos, técnica de xestión suplente do xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas (asiste aos puntos 5b, 6b, 9a e 10a)
- D. Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade (asiste aos puntos 5c e 6c)
- D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 7a)
- D. Marcos Viturro Gómez, técnico de administración xeral suplente da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste ao punto 7b)
- D^a. María Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 11a)
- D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11b)
- D. Secundino Otero Failde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste ao punto 11c)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 1 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aqg) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 21 de febreiro de 2024 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" e o informe que corrixe ao anterior debido a un erro tipográfico que eliminou parte dunha frase, asinado pola xefa do Servizo de Educación en data 28 de febreiro de 2024. Este segundo informe é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, a enxeñeira industrial e o xefe do servizo de vías e obras e infraestruturas os días 23 e 26 de febreiro de 2024 de valoración do sobre b "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade o 27 de febreiro de 2024 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" e o informe que corrixe o informe anterior, en concreto, o documento explicativo do iter valorativo das ofertas por un erro no contido, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade o 29 de febreiro de 2024. Este segundo informe é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliáveis mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria (aqg) dos colexios públicos e outros edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (26422-332)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 2 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo do contrato (sen IVE)	Incremento do importe mínimo esixido na cláusula 4.3 do PPTP destinado ao mantemento (10.000,00 €/ano sen IVE)
1	AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U	277.840,08 €	10.000,00 €
2	JESÚS SOAGE LOIRA	294.000,00 €	10.000,00 €
3	ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A.U.	209.779,86 €	10.000,00 €
4	MONCOBRA, S.A.	283.087,17 €	0,00 €
5	SACYR FACILITIES, S.A.	287.345,56 €	10.000,00 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP, excepto ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A.U. que presenta dúas veces o mesmo modelo de oferta.

Asiste como público á apertura:

1. D. Sergio López Soto, en representación de CLECE FS, S.A. (antes denominada AVIO SOLUCIONES INTEGRADSA, SAU)
2. D. Francisco Cancelo Fernández, en representación de ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A.U.
3. D. Antonio Barceló Caldas, en representación de SERVEO FACILITY MANAGEMENT, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Conceder un prazo de 3 días a ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS, S.A.U. para que presente o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2.C) do PCAP.
2. Solicitar informe sobre as proposicións avaliáveis a través de fórmula ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato (sen IVE)
1	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	260.502,29 €

Asiste como público á apertura:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 3 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCIÓN

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G da FEC	Incremento da retención mensual na facturación (7,5%), ata un máximo do 15%, en función dos indicadores de nivel de cumprimento da calidade do servizo	Investimento en investigación e desenvolvemento (I+D) e innovación para mellorar a prestación do servizo, dun mínimo do 2% da anualidade do contrato (sen IVE)	Mellora consistente na chegada dun vehículo eléctrico, tipo turismo lixeiro, para uso do persoal responsable da xestión do contrato
1	ACEINSA MOVILIDAD S.A.	15,50 %	7,50 %	12,00 %	SI
2	API MOVILIDAD S.A.	17,00 %	15,00 %	11,00 %	SI
3	DIEZ Y COMPAÑIA S.A.	10,00 %	7,50 %	5,00 %	SI
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	3,11 %	7,50 %	3,00 %	SI
5	PROSEÑAL, S.L.U.	15,20 %	0,00 %	2,00 %	SI
6	SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	23,20 %	7,50 %	15,00 %	SI
7	TEVASEÑAL, S.A.	18,00 %	15,00 %	4,00 %	SI

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste como público á apertura:

1. D^a. M^a de la Cruz Iglesias Naharro, en representación de SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
2. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCIÓN.
3. D^a. Rocío Brenlla Rieiro, en representación de ACEINSA MOVILIDAD, S.A.
4. D. Xosé Manuel Martínez González, en representación de API MOVILIDAD, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 4 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

7. Dar conta da existencia de ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción nos equipamentos adscritos á Área de Cultura (bibliotecas públicas, auditorio municipal do Concello e servizo da Área de Cultura) (5206-330)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural do 27 de febreiro de 2024, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACEUVE, S.L.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación do 27 de febreiro de 2024, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 26 de febreiro de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 5 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da redacción do proxecto de "Prolongación do túnel de Elduayen ao encontro co novo vial do proxecto de urbanización do Barrio do Cura" (1733-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.	89,13
2	G.O.C., S.A.	83,07
3	UTE GALAICONTROL, S.L. - TYLin GPO, S.L.	71,13

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ALFONSO PENELA - CAPITEL ARQUITECTURA, INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento: IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII) e SARARTE, S.L. (Lotes V e XII). Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra aos/as membros da Mesa de Contratación que na sesión de data 8 de febreiro de 2024, comprobada a documentación presentada polos licitadores en primeiro lugar, a Mesa acordou outorgar un prazo de 3 días para que os seguintes puideran emendar a documentación relativa á acreditación dos medios persoais:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 6 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



1. SARARTE, S.L.: debía presentar para os lotes V e XII a documentación acreditativa do cumprimento polos docentes propostos da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego dos correspondentes lotes.
2. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.: debía presentar para o lote VI a documentación acreditativa do cumprimento polo docente proposto da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego do correspondente lote.

Dentro do prazo outorgado, FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORIA, S.L. presenta a documentación requirida, mentres que, SARARTE, S.L. presenta a mesma fora de prazo.

Trasladado ao expediente ao servizo, emítese informe asinado pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, en datas 19 e 23 de febreiro de 2024, no que se indica que, en relación a FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L., "*Considérase acreditada a impartición polo docente proposto de 200 horas, nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, isto é, FAMILIA PROFESIONAL: INSTALACIÓN E MANTEMENTO. ÁREA PROFESIONAL: INSTALACIÓNS (IMAI)*".

Tamén se indica no informe que, a documentación presentada por SARARTE, S.L. non acredita o cumprimento dos docentes propostos para os lotes V e XII, da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego dos correspondentes lotes. Así a todo, tendo en conta que SARARTE, S.L. presentou a documentación fora do prazo outorgado para emendar, non se pode admitir a mesma.

Tendo en conta o anterior a Mesa de Contratación acorda por unanimidade dos/as membros presentes que, entendendo que SARARTE, S.L. non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP ao presentar a emenda da documentación fora do prazo concedido, procede o seguinte:

1. Propoñer, ao órgano de contratación, a declaración de deserto do Lote V "*Curso de novos tratamentos para a madeira: a tecnificación da madeira*".
2. Requirir, á vista do acordo de clasificación de data 20 de outubro de 2023, ao licitador clasificado en terceiro lugar para o Lote XII "*Curso de sensibilización ambiental*", NORFORMACIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles a seguinte documentación (tendo en conta a xa presentada polo licitador neste mesmo procedemento para os lotes VIII, IX e X):
 - a) Anexo IV co nomeamento do/a delegado/a do contrato e o acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo.
 - b) Anexo V coa declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas.
 - c) A acreditación da adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
 - d) Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 7 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Polo que se refire aos lotes III, IV, VI e VII, IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III) e FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII) presentan a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista de todo o anterior e comprobada pola Mesa de Contratación a documentación do parágrafo precedente, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación o seguinte acordo:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación (19756-77) por procedemento aberto de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO."

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 8 de maio de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 12 de maio de 2023 que rexerán a contratación de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO".

*3º.- Aprobar o gasto por importe de **92.888,00 €**, para a contratación de "SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO", con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279913 FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2023, coa distribución das seguintes anualidades:*

- 2023: 46.444,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 8 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



- 2024: 46.444,00 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de agosto de 2023, de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. debido a que a aclaración aportada en virtude do requirimento da Mesa do 18 de agosto, altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do prazo de presentación de ofertas (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019)

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 20 de outubro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SARARTE, S.L. neste procedemento.

Terceiro.- Excluir deste procedemento a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023.

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) na seguinte orde descendente:

- LOTE I: FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE II: CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE III: CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG.

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64.00
2	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	53.03

- LOTE IV: CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN

	LICITADORES	TOTAL
--	--------------------	--------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 9 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1	SARARTE, S.L.	72.00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	50.32

- LOTE V: CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64.00
2	SARARTE, S.L.	53.00

- LOTE VI: CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓNS SOLARES ACS)

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86.00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	62.59
3	SARARTE, S.L.	53.00

- LOTE VII: CURSO DE DESEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86.00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	61.43
3	SARARTE, S.L.	58.32

- LOTE VIII: FORMACIÓN EN XARDINERÍA

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	95.00
2	SARARTE, S.L.	70.39
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	40.03

- LOTE IX: TRATAMENTO DO MEDIO

	LICITADOR	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	84.00

- LOTE X: CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	78.60
2	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	76.02
3	SARARTE, S.L.	67.10
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	66.00
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	53.91

- LOTE XI: CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72.00
2	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	69.00
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	30.37

- LOTE XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

	LICITADORES	TOTAL
1	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	75.90
2	SARARTE, S.L.	72.00
3	NORFORMACIÓN, S.L.	67.04
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	62.62
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	44.08

Quinto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SARARTE, S.L. (Lotes I, II, IV e XI), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes III e V), IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote VI e VII), NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes VIII, IX e X) e IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 11 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 22 de decembro de 2023, acordou o seguinte:

"(...) esta Mesa, na sesión de 1 de decembro, acordou solicitar a emenda da documentación presentada aos licitadores:

- SARARTE, S.L. (Lotes I, II, IV e XI): deberá acreditar a solvencia técnica e os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP.
- FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes III e V): deberá acreditar a solvencia técnica, os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP e completar a garantía definitiva (presenta un xustificante de ingreso de 408,45 € sendo a garantía do lote 1 de 336 € e a do lote 2 de 147 €).
- IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote VI e VII): deberá acreditar a solvencia técnica, os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP e firmar dixitalmente os Anexos IV e V e a declaración de non estar incurso en prohibición para contratar.
- NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes VIII, IX e X): os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP.
- IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII): deberá acreditar a solvencia técnica e os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP.

Presentada a documentación en prazo por todos os licitadores, na sesión do 12 de decembro de 2023, se acordou por unanimidade, remítilla ao servizo xestor para que determinase se quedan acreditados os medios persoais esixidos. Este informe é emitido en data 19 de decembro. Á vista do mesmo procede:

- 1º.- Propoñer a Xunta de Goberno Local declarar desertos os lotes I e II por canto SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, e no lote 1 tampouco a solvencia técnica.
- 2º.- Con respecto aos lotes III, IV, V, VI, VII e XII, os licitadores clasificados en primeiro lugar non emendaron a documentación requirida polo que a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión, acorda requirir aos segundos clasificados a documentación prevista no artigo 140 da LCSP e as cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares:
 - a) Lote III: FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.
 - b) Lote IV: SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.
 - c) Lote V: FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 12 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



En consecuencia procede requirir a SARARTE, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.

- d) Lote VI: *IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., non acreditou a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- e) Lote VII: *IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., non acreditou a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*

Lote XII: *IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a SARARTE, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado”.*

Cuarto.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en segundo lugar nos Lotes III, IV, VI e VII, *IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII) e SARARTE, S.L. (Lotes V e XII)*, o día 12 de xaneiro de 2024, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido:

1. *IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III), o día 24 de xaneiro.*
2. *FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII) e SARARTE, S.L. (Lotes V e XII), o día 25 de xaneiro.*

Quinto.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 8 de febreiro de 2024, acordou o seguinte:

“Tras a análise da documentación presentada polos licitadores e, tendo en conta o informe sobre a acreditación dos medios persoais asinada pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, en data 5 de febreiro de 2024, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, conceder un prazo de 3 días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:

1. *SARARTE, S.L. En concreto deberá presentar:*

a) *Para o Lote V:*

- *Medios persoais: documentación acreditativa do cumprimento polo docente proposto, da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da FAMILIA PROFESIONAL EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL (EOC) OU MADERA, MOBLE E CORCHO (MAMA) xa que, da documentación presentada non se pode comprobar a efectiva impartición dese mínimo de horas nos últimos 6 anos.*

b) *Para o Lote XII:*

- *Medios persoais: documentación acreditativa do cumprimento polo docente proposto, da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, accións formativas da formación profesional para o emprego na FAMILIA PROFESIONAL FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. ÁREA PROFESIONAL: ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS (FCOA), xa que, da documentación*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 13 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentada non se pode comprobar a efectiva impartición dese mínimo de horas nos últimos 6 anos.

2. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. En concreto deberá presentar:

a) Para o Lote VI:

- *Medios persoais: documentación acreditativa da efectiva impartición polo docente proposto de 200 horas, nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, isto é, FAMILIA PROFESIONAL: á FAMILIA PROFESIONAL: INSTALACIÓN E MANTEMENTO, xa que a documentación presentada so se comproba a autorización e homologación do docente proposto en diversos cursos impartidos na Comunidade Autónoma de Andalucía correspondentes á FAMILIA PROFESIONAL: INSTALACIÓN E MANTEMENTO. ÁREA PROFESIONAL: INSTALACIÓN (IMAI), sen acreditar a experiencia do docente na impartición dos mesmos."*

Sexto.- Este acordo foi notificado aos licitadores o día 9 de febreiro de 2024, presentando a documentación requirida, dentro do prazo concedido, FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII), o día 14 de febreiro, e, fora do devandito prazo, SARARTE, S.L. (Lotes V e XII), o día 16 de febreiro.

Séptimo.- A documentación dos licitadores IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III) e FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII) consta de:

- IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III)

- A escritura de constitución da licitadora, na que figura o nomeamento do administrador, os estatutos e o DNI do administrador.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (10.348,80 €), presentan o documento 200 do Imposto de Sociedades do ano 2022 no que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (4.704,00 €), presentan declaración de traballos realizado dos anos 2021, 2022 e 2023 e as facturas correspondentes, sendo a suma dos importes de calquera dos tres anos superior a esta cantidade.
- Xustificante de ingreso por un importe de 336,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

- FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII)

- A escritura de constitución e a de cambio de denominación da licitadora xunto cos estatutos e a escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 14 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (6.791,40 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (3.087,00 €), presenta certificado de boa execución do ano 2022 no que o importe total supera esta cantidade.
- Xustificantes de ingresos por importe de 220,50 € (Lote IV), 147,00 € (Lote VI) e 196,00 € (Lote VII) que cobren as correspondentes garantías definitivas requiridas, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA de ambos licitadores.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en segundo lugar IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III) e FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As segundas ofertas máis vantaxosa para a administración contratante son as formuladas por IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III) e FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 15 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de agosto de 2023, de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. do Lote 9 deste procedemento, debido a que a aclaración aportada en virtude do requirimento da Mesa do 18 de agosto, altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do prazo de presentación de ofertas (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019)*
2. *Tomar razón da exclusión de IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., dos Lotes X e XII deste procedemento, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023.*
3. *"Declarar deserto o Lote V dado que a licitadora clasificada en segundo lugar non cumpriu adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP e non hai máis licitadores clasificados neste lote.*
4. *Adxudicar a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. o Lote III do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:*
 - a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,14 %.*
 - b) *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas (marcar unha das seguintes opcións se é o caso) de máis de 1.000 horas.*
5. *Adxudicar a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. os Lotes IV, VI e VII do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:*
 - *LOTE IV*
 - a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*
 - *LOTE VI*
 - a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 16 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- LOTE VII

a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a ITURRI, S.A. en 12 de febreiro de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 17 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da reposición da superestrutura do brazo articulado para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 17 de novembro de 2023.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado e firmado pola Técnica da Administración Xeral e Xefa da Área de Contratación e novos proxectos en data de 11 de decembro de 2023.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.350.000,00 euros, do que 234.297,52€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606340000 " Reparación Estrutural Vehículo" como anticipado de gasto do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	100,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que no apartado 5 das FEC (Anexo I do PCAP) para a acreditación da solvencia técnica, ademais do establecido na cláusula 8.8.3º establécese que é necesario aportar:
 - Certificado actualizado de conformidade da produción en vigor da Unidade Certificadora do Automóbil (UCA) emitido polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ou equivalente.
 - Certificado acreditativo que permita comprobar que o propio licitador dispón dun Sistema de Calidade e Medio Ambiente oficialmente recoñecido cando menos para ou deseño, fabricación e o servizo de mantemento de vehículos contra incendios. ISO 9001 e 14001, ou equivalente.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 18 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., o día 12 de febreiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da licitadora, obxecto social e nomeamentos de apoderados.
- O DNI do apoderado.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (780.991,74 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (945.000,00 €), presentan varios certificados de recepción de subministros e un certificado de boa execución cunha relación de traballos e importes nos que o importe dun deles para o ano 2022 supera esta cantidade.
- Un aval por un importe cada un de 55.749,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ITURRI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 19 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., de acordo coas actuacións da mesa.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ITURRI, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.349.125,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 234.145,80 euros.
- b) Comprométese a responder en caso de avaría no prazo de menos de vinte e catro horas (24h) calquera día do ano.
- c) Comprométese a realizar un mantemento preventivo do vehículo por un período de 2 anos cunha frecuencia de 6 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a EULEN, S.A. en 12 de febreiro de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo das garantías definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 20 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (exp.12186-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 07/11/23 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral con data 13/12/23.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 244.886,19 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (42.500,91 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.99.03 " Servizo atención polas tardes"

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EULEN, S.A.	90,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 21 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., o día 12 de febreiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 21 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da licitadora, a declaración de non estar en incursa en prohibición de contratar, o obxecto social e as contas anuais do 2020.
- A escritura de apoderamento do apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (85.710,17 €), presentan as contas do ano 2020 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (85.710,17 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade en ambas CPVs.
- Seguro de caución por un importe de 9.882,49 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 22 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e coas actuacións da mesa de contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a EULEN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612) por un prezo total do contrato de 239.156,22 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.506,45 euros."

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:16	Páxina 23 de 23
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AH49-C4DE2A-B74752-JKPTPS-856ZD6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		